

ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN
DIDACTICA CURSO
2019- 2020

IES O MOSTEIRÓN

XADREZ

INDICE

0.- INTRODUCCIÓN.3
1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES4
2.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE 5
3.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 5
14.-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE 5

0.- INTRODUCCIÓN.

Este documento pretende dar resposta ás obrigadas modificacións na programación derivadas do contexto de estado de alarma

Durante o terceiro trimestre reforzaranse os contidos traballados durante os dous trimestres anteriores, incorporando Xadrez e ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, e agás este contido, non se avanzará no currículo como se adianta na programación inicial .

Polo tanto neste curso traballaránse os contidos dos temas do 1 ao 10 e o tema 18.

E obvio que o contexto é diferente, que muda o espazo e o tempo en definitiva o previsto referido a contidos, temporalización, metodoloxía, criterios de avaliación ... tamén cambian.

1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Os mínimos esixibles para unha avaliación positiva na materia en relación aos estándares de aprendizaxe, son os seguintes:

Bloque 1: Fundamentos do xadrez.

- XAB1.1.1. Sitúa adecuadamente o taboleiro e identifica ringleiras, columnas, diagonais, flancos e centro antes de empezar a xogar.
- XAB1.1.2. Aplica conceptos xeométricos sinxelos (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, áreas, etc.) co movemento das pezas no taboleiro.
- XAB1.2.1. Coñece o nome das pezas en varias linguas e sabe colocalas no taboleiro.
- XAB1.2.2. Usa con corrección o vocabulario específico do xadrez.
- XAB1.3.1. Reproduce con corrección os movementos das pezas do xadrez.
- XAB1.3.2. Distingue o valor das pezas do xadrez.
- XAB1.4.1. Aplica a captura das pezas.
- XAB1.4.2. Identifica xogadas erróneas con certa rapidez.
- XAB1.4.3. Aplica as formas de defenderse das ameazas das pezas.
- XAB1.4.4. Recoñece os motivos polos que un/unha xogador/a sacrifica unha peza.
- XAB1.5.1. Recoñece os tipos de enroque.
- XAB1.5.2. Aplica correctamente o enroque ao longo dunha partida.
- XAB1.5.3. Identifica cando se pode facer o enroque.
- XAB1.5.4. Representa sobre o taboleiro casos prácticos sobre o enroque.

Bloque 2: O xogo en acción.

- XAB2.1.1. Realiza xaques como estratexia de ataque nunha partida.
- XAB2.1.2. Recoñece as formas de evitar un xaque ao longo dunha partida e elixe a máis conveniente en cada caso.
- XAB2.1.3. Reproduce nun taboleiro os mates máis famosos.
- XAB2.1.4. Reproduce xaque mate con rei e outras pezas, contra o rei contrario.
- XAB2.3.1. Anota correctamente os movementos das pezas nun patrón de xadrez ao longo dunha partida. .
- XAB2.4.1. Distingue as fases dunha combinación: formulación, análise e combinación.
- XAB2.5.1. Aplica intercambios eficaces ao longo da partida.
- XAB2.6.1. Coñece como se domina o centro na apertura.
- XAB2.6.2. Aplica as normas básicas da apertura e evita erros graves.

Bloque 3: Transversalidade no xadrez

- XAB3.2.1. Coñece e manexa programas e aplicacións de teléfono móbil relacionados co xadrez.
- XAB3.3.2. Formula e resolve problemas e cuestións xeométricas sinxelas (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, simetrías, perímetros, superficies, etc.) nas que se traballen conceptos do xadrez.

2.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Dende a da aula virtual realizaranse tres tipos de propostas

1.-Realización de traballos interdisciplinares individuais. Tipo.

Xadrez e pintura. Xadrez e Matemáticas. Historia do xadrez. Xadrez no ensino. Máquinas de xogar ao xadrez... ou outro a proposta do alumnado Extensión máxima seis folios.

2.- Expresión plástica dunha ou varias pezas de xadrez Tipo

Un debuxo, unha fotografía un collague ,unha escultura con materiais reciclados, unha figura de plastilina, un vídeo....as tarefas que deberá realizar o alumnado, secuenciadas e coas orientacións debidas.

Estas tarefas estarán orientadas fundamentalmente ao repaso , reforzo e, ampliación das aprendizaxes do primeiro e segundo trimestres que resulten necesarias para acadar os obxectivos mínimos do curso.

3 .- Partidas on line entre eles e co profesor.

3.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Queda suspendido o punto 9 criterios de avaliación.

A cualificación final obterase da seguinte maneira:

O alumnado recibirá tarefas a través da aula virtual que serán cualificadas. Estas tarefas estarán orientadas fundamentalmente ao repaso , reforzo e ampliación das aprendizaxes do primeiro e segundo trimestres, dende unha perspectiva diferente.

Como todo o alumnado aprobou o primeiro e segundo trimestre, manterá a cualificación obtida nos trimestres anteriores (nota do terceiro trimestre). Esta cualificación poderase incrementar ata dous puntos na cualificación final , logo da valoración das tarefas realizadas durante o terceiro trimestre.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

O alumnado e as familias recibirán información das modificacións da presente programación a través da aula virtual de cada curso , asemade faranse públicas na páxina web do centro



Javier Cabanas Cao